

O **obxectivo** fundamental desta actividade será dar apoio educativo e psicolóxico ás familias axudándoas na difícil tarefa de educar, solucionando as súas dúbidas e explicando as diferentes etapas polas que van ir pasando os seus fillos. A estratexia na exposición será a través de exemplos prácticos, baseados na vida cotiá e na experiencia das persoas orientadoras que van impartir estas charlas.

Ofertamos a escola pero sen fixar lugar, horario e datas de forma que se concretará cos que inicialmente estean interesados para asegurar a súa participación.

As sesións serán:

1.- “Levantemos a mirada: as pantallas e os videoxogos”

Abordarase o uso das pantallas (móviles, tabletas, videoxogos, etc) nas familias e a influencia destas no desenvolvemento dos fillos e fillas.

- Tempo de pantallas: conectas e desconectas. ¿Quen decide? ¿Como se decide? ¿Por que é necesario?
- No todos os gatos son pardos: recomendacións.
- Os videoxogos: ¿Por que gustan tanto? edad, contido, “en líña”

2.- “As máscaras da violencia de control”

Visibilizarase e abordarase a violencia de control como primeiro escalón na violencia de xénero e o papel de pais e nais na súa prevención

3.- “Atrápame... se podes: acoso e ciberacoso”

Abordarase cos pais e nais as características do acoso e ciberacoso e incidirase nas ferramentas para a súa prevención así como ante os seus indicios, se fose necesario.

- ¿De qué estamos falando? Acoso e ciberacoso
- ¿parecía un xogo?... ¡Non o era!: voces ante os silencios
- se aún así... indicios: ¿qué facemos?

CONDICIÓNS DE INSCRICIÓN:

INSCRICIÓN: do **13 ao 20 de setembro** Recoller e entregar a solicitude de inscrición en calquera dos rexistros municipais de Cambre.

ADXUDICACIÓN DE PRAZAS: No caso de haber máis solicitudes que prazas, haberá **sorteo o día 24 de setembro** ás 12 horas, nas oficinas municipais de Educación situadas na Barcala.

Terán preferencia en primeiro lugar as persoas empadroadas en Cambre, en segundo lugar os que traballan no municipio de Cambre e as prazas baleiras poderán ocupalas os veciños doutros concellos.

Para saber se o solicitante está admitido na actividade deberase chamar ao tf.: 981 613 291 **a partir do día 25 de setembro.**

Actividade gratuita. Estas condicións réxense pola Ordenanza Reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, publicada no BOP núm.81, do mércores 30 de abril de 2014.